

# XXVI CONCURSO CIENCIAS SOCIAIS. MARATÓN DE PREGUNTAS. IV CATEGORÍA. 1º e 2º Bacharelato.

Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_\_\_\_ Sección \_\_\_\_\_

1. Completa este pasapalabra.



Por A: Estado dos EE.UU coñecido como <i>O Estado do Gran Cañon</i> .	Arizona
Por B: Fortaleza conquistada polos españois na guerra dos Pirineos ou da Convención (1793) logo de disparar sobre ela máis de 23.000 proxectís.	Bellegarde
Por C: Arquipélago volcánico situado a 55 km do litoral de Castellón, reserva natural dende 1994.	Columbretes
Por D: Nave que percorre o ábside nas igrexas de peregrinación, sinónimo de <i>girola</i> .	Deambulatorio
Por E: Paisaxe vexetal herbácea ou de matogueiras de zonas semiáridas continentais.	Estepa
Por F: Nome do mono que un refuxiado alemán en Guinea Ecuatorial lle regalou a Afonso XIII.	Fritz
Por G: Parte do remo dun galeote situada entre o guión e a caña.	Galaverna
Por H: Parte da xeografía física que describe os lagos, ríos e mares.	Hidrografía
Por I: País que ten a pintura rupestre, unha babirusa, máis antiga (máis 35.000 anos).	Indonesia
Por K: Nome do pano tradicional camboyano co que se cubren o cabelo as mulleres.	Krama
Por L: Tipo de uva e de viño tinto de procedencia italiana.	Lambrusco
Por M: Illa máis occidental das Egadas, arquipélago de preto de Sicilia.	Marettimo
Por N: Conxunto de medidas adoptadas por Roosevelt para solucionar a crise do crac de 1929.	New Deal
Por O: Piar illado de sección rectangular ou cadrada con remate piramidal, típico dos exipcios.	Obelisco
Por P: Metanfetamina que tomaba o exército nazi lanzada polo laboratorio Temmler en 1937.	Pervitin
Por Q: Bisbarra galega onde se atopa Ribas de Sil.	Quiroga
Por R: Pertencente ou relativo ao campo.	Rural
Por S: Ministro de cultura con Felipe González cuxa nai era filla de Antonio Maura.	Semprún
Por T: Río ao que botaron nun tonel ao último condenado por herexía en España en 1826.	Turia
Por U: Maior lago hipersalgado permanente do mundo ata 2012 (perdeu o 90% da súa superficie).	Urmia
Por V: Apelido do capitán de 29 anos fusilado en 1846 (Mártires de Carral).	Valero
Por W: Cidade máis poboada da provincia canadiana de Manitoba.	Winnipeg
Por X: Soporte vertical a ambos lados dun vano sobre os que descansa o lintel ou un arco.	Xamba
Por Y (castelá): Sirviente da nobreza dos incas.	Yanacona
Por Z: Cidade suíza atravesada polo río Limmat na que coincidiron Lenin e o café Voltaire en 1916.	Zurich

2. Identifica o personaxe da esquerda nacido en Lobeira. Vencellado a diferentes cargos na Unión Patriótica de Primo de Rivera. Título, autor e lugar onde se acha a escultura de Vigo que está na dereita.



Arturo Salgado Biempica

Hiena. Xosé Luis Medina. Praza Compostela.

3. Contesta a estas cuestións.

1. Cavidade ou oco nun muro que xeneralmente acobilla a unha estatua e que está coroada por unha bóveda de cuarto de esfera.	Hornacina/Nicho
2. Capital de Uruguay.	Montevideo
3. Illa escocesa coñecida como a <i>illa do xurásico</i> polos restos atopados dun monstro (non o do lago Ness) chamado <i>Storr Loch</i> ?	Skye
4. Arquitecto vigués autor do edificio do Instituto Santa Irene e do chalet de Praza de España e algunhas das igrexas da cidade olívica como a Soledad, Carmelitas ou Fátima.	Antonio Cominges
5. Cantas fanegas representaban as rendas de San Torcat do mosteiro de S. Pedro de Cardeña en 1338 cando foi <i>tomar quenta destas</i> D. Joan, abade do mosteiro de Sto. Domingo de Silos?	200
6. Que cores forman parte da bandeira de Bulgaria?	Branca, verde, vermella
7. Cal destes accidentes xeográficos está na costa occidental de Sri Lanka: lagoa de Puttalam, baía de Arugam, baía de Koddigar.	Lagoa Puttalam
8. Superficie chá ou lixeiramente ondulada situada a gran altitude.	Meseta/Altiplano
9. Nome do primeiro santo que non foi mártir.	San Martiño Tours
10. Banzo superior do krepis sobre o que se asenta un templo grego.	Estilobato
11. Monumento manchego da idade do bronce que presenta o pozo máis antigo da P. Ibérica.	Motilla de Azuer
12. Cal é o maior produtor de cemento do mundo con moita diferenza?	China
13. Deputado carlista durante o Sexenio Democrático nas segundas eleccións polo distrito da capital de Ourense, alcumado <i>O abade das vellas</i> .	Fernando Felipe Fernández
14. En que océano desemboca o río Congo e o Níxer?	Atlántico
15. Xesuíta nacido en Amberes en 1551, gran teólogo e humanista autor dun importante tratado sobre maxia e bruxería	Martín del Río
16. Que levan os bailaríns da danza do cervo (Shishi-Odori) nas costas envolto en papel branco?	Sasara (pao 3 metros)
17. Sobre que Parque Nacional se atopan as dunas máis altas do mundo (300 metros altura)?	Namib-Naukluft
18. Quen era o zar de Rusia cando se produciu a revolución rusa de 1917?	Nicolás II
19. A que se adicaban os fillos de Celestina Martín, muller asasinada en Cabeza de Buey, degolada, según nos conta o diario católico <i>El Siglo Futuro</i> do día luns 28 de xaneiro de 1905?	Mestres escola en Azuaga
20. En que cidade se atopa o maior complexo minerometalúrxico do mundo e que reporta a Rusia o 2% do seu PIB?	Norilsk
21. Que país ten unha maior porcentaxe de inmigrantes respecto do total da poboación: Australia, Estados Unidos, España ou Alemaña?	Australia (28,2)
22. Primeira vítima no intento de cruzar o muro de Berlín.	Ida Siekmann
23. Como se chaman as pezas que bailan as mulleres o 3º día do Festival das Luces en honor a Laxmi en Nepal?	Bhailo
24. Nome que lle dan a típica sopa que toman o día da Resurrección na illa de Pathos	Mageritsa
25. Que simboliza no ritual agrícola sagrado presidido pola familia real de Camboya chamado <i>suco sagrado a herba</i> ?	Enfermidade
26. Comunidade Autónoma española uniprovincial máis extensa en superficie.	Murcia
27. Nome que recibe a diferenza de aspecto entre o macho e a femia nunha mesma especie.	Dimorfismo
28. Primer teniente do batallón de Figueras que aparece na lista de feridos da Unión Mercantil de Málaga que publica o periódico <i>El Ejército Español</i> do mércores 28 de xullo de 1909.	D. Luis Galván
29. Que licencia se permite Tiziano ao pintar ao emperador Carlos V a cabalo en Mühlberg que non coincide co que sucedeu o 24 de abril de 1547 según narra o historiador Avila?	Leva lanza no canto de media asta
30. Cantos kilómetros terá o xigantesco canal que unirá o Pacífico e o Atlántico por Nicaragua?	278

4. Completa a información que falta:

Recentemente faleceu o Padre Evaristo Rivera Vázquez, que foi Rector do Colexio entre 1974 e 1981 e que da nome á aula onde se imparten actualmente as materias de Historia en Bacharelato. Escribiu un libro titulado *Galicia y los Jesuitas*. Que capital (en reais) tiña o Colexio xesuíta de Ourense colocado en xuros (como os modernos títulos de Débeda Pública) en 1767, momento no que abandonan España, segundo a Secretaría de Facenda? 2.376

En 1916 o Colexio Apóstol establécese en Vigo. Quen reinaba en España daquela? Afonso XIII. Que famosa bailarina e espía estivo na cidade olívica ese ano de 1916 hospedándose no Hotel Continental? Matahari

Algúns anos despois, en 1990, cursaba en C.O.U. grupo C un alumno que aparece no catálogo na fila de arriba á esquerda de todo (según miramos a foto). De que alumno se trataba? José Julio Heredero Cruces ou Javier Pérez Moíño